

**Desvíos no transporte urbano por corte de tráfico na rúa Basquiños (do xoves 28 de xaneiro ao luns 1 de febreiro de 2016, ambos incluídos).**

O corte de tráfico producirase no carril en dirección norte, desde Santa Clara. As liñas que circulan polas rúas Pastoriza e Basquiños en dirección sur (acceso desde praza da Paz) **NON** modificarán o seu percorrido.

O xoves 28 de xaneiro, mentres non se produza o corte de tráfico á altura do cruce entre Santa Clara e Basquiños, as liñas realizarán o percorrido habitual. No momento do corte comezarán a desviarse.

Veranse afectadas as seguintes liñas, soamente nos seus traxectos en dirección norte (de Santa Clara a Pastoriza): **L1, L4, L5, L8, LP1, LP2, LP6 e LP7.**

O desvío será pola avda. de Coimbra, polo que quedan suprimidas as seguintes paradas mentres dure o corte de tráfico:

Paradas suprimidas	Paradas alternativas
<b>Parada 125, Basquiños nº 28</b>	572, rúa de San Roque (para todas as liñas)
<b>Parada 367, Pastoriza nº 22</b>	551, San Caetano (igreja), para liñas 1, 4 e P6 47, Anxo Casal, para as liñas 5, P1, P2 e P7 61, av.Castelao (parque P. Igrexas) para liña 8

No momento en que se restableza o tráfico na zona, as liñas desviadas farán os seus percorridos habituais. A previsión é que aconteza o martes 2 de febreiro.

Para calquera consulta acerca de horarios e percorridos das distintas liñas, teñen á súa disposición o teléfono de información do transporte urbano, con información a tempo real do estado do servizo, **901 12 00 54.**

Pregamos desculpen as molestias que estas alteracións lles podan ocasionar.